

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS Á HOSTALARÍA E OUTRAS ACTIVIDADES PECHADAS

O martes día 23 de febreiro de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se convocan axudas á hostalaría (Programa I Hostalaría) e a outras actividades pechadas (Programa II).

BENEFICIARIOS

Programa I. Hostalaría.

Persoas autónomas, con ou sen persoal contratado, microempresas e pemes do sector de hostalaría afectadas polo peche ditado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia conforme os decretos e ordes publicadas dende o 4 de xaneiro de 2021. Considéranse dentro do sector da hostalaría os hoteis, hostais, casas rurais e outros tipos de aloxamentos así como os establecementos de lecer e entretemento, como as salas de festas, discotecas, pubs, café-espectáculos e furanchos.

Programa II. Outras actividades pechadas

Persoas autónomas, con ou sen persoal contratado, microempresas e pemes en actividades diferentes da hostalaría afectadas polo peche ditado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia conforme os decretos e ordes publicadas dende o 4 de xaneiro de 2021.

CONTÍA DA AXUDA

Programa I. Hostalaría

- Os establecementos pechados desde o 27 de xaneiro de 2021.....1.900 €.
- Os establecementos pechados desde o 21 de xaneiro de 2021.....2.200 €.
- Os establecementos pechados, en virtude de dúas ou máis ordes 2.700 €.

Programa II. Outras actividades pechadas

- Os establecementos pechados desde o 27 de xaneiro de 2021 1.900 €.
- Os establecementos pechados desde o 21 de xaneiro de 2021 2.200 €.
- Os establecementos pechados en virtude de dúas ou máis ordes 2.700 €.
- As actividades de atraccións de feira.....2.700 €.

No caso dos establecementos que ocupen 10 persoas traballadoras ou máis de 10, incrementarase en 1.000 € a axuda establecida nas alíneas anteriores.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de **UN MES** contado a partir do día seguinte ao da publicación de dita orde.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 25 de febreiro de 2021.

O Alcalde,

